

REUNIÓN PROGRAMACIÓN COMPETICIÓN 2ª XUVENIL E 2ª CADETE MASCULINAS

O pasado venres 13 de setembro tiveron lugar as diferentes reunións para a confección dos calendarios de moitas das categorías da tempada 2019/20; na reunión relativa ás competicións de 2ª Xuvenil e 2ª Cadete Masculina saíron varias propostas por parte dos clubs e da federación pero debido a ausencia de parte dos clubs interesados, por maioría decidiuse convocar de novo dita reunión para poder valorar detidamente as propostas e poder votar coa información madurada. Debido a isto, **convócase a reunión para a confección dos calendarios de 2ª Xuvenil e 2ª Cadete masculinas para o vindeiro mércores 25 de setembro ás 18:00 horas na sede da Federación Galega de Balonmán, sita na r/ Fotógrafo Luis Ksado 17.** Infórmase de que o voto terá que realizarse de xeito presencial despois de que os clubs ou a federación poidan expor os argumentos para as diferentes propostas, se algún club non acude ten que ter claro que a maioría determinará o formato de competición, podense facer chegar novas propostas ao mail de competicions@fgbalonman.com antes do vindeiro martes 24 de setembro ás 20:00 horas.

Recordamos que na asemblea levada a cabo o pasado 6 de xullo en Santiago de Compostela lexitimouse a esta reunión para poder trocar o formato actual de competición en función do número de inscritos, deixando claro que o criterio de proximidade xeográfica non será condicionante para a confección dos grupos, aínda que se intente reducir costes aos clubs na medida do posible pero nunca en prexuízo da competición. A continuación pasamos a relacionar as diferentes propostas que saíron na reunión do 13 de setembro o respecto da competición xuvenil, na que nalgún caso tamén se tratou a cadete.

1. Nun primeiro lugar FGBM propuxo a realización de dous grupos de 10 equipos cada un a sorteo puro. Os equipos que entran dentro desta categoría son:

PROVINCIA PONTEVEDRA

1. ATLÉTICO BUEU
2. E.D. POIO
3. BM. TUI
4. S.D. CARBALLAL
5. BM. CANGAS
6. BM. CAHAPELA
7. BM. MOAÑA
8. CLUB CISNE
9. BM. RASOIRO
10. BM. CAÑIZA
11. BM. PORRIÑO
12. OCTAVIO

PROVINCIA OURENSE

13. E.D. RIBADAVIA

PROVINCIA LUGO

14. BM. VIVEIRO
15. BM. LUCUS

PROVINCIA A CORUÑA

16. ARTEIXO BALONMÁN
17. RIBADOSAR
18. BM. CAMARIÑAS
19. OAR CIUDAD 1952
20. BM. PONTEDEUME

IMPORTANTE: Fíxose indicencia en que o Octavio é posible que cause baixa de última hora, co que un dos grupos quedaría cun descansa.

Esta proposta sae co obxectivo de mellorar a competición a nivel deportivo.

2. A FGBM propuxo a realización de dous grupos de 10 equipos cada un cun sorteo dirixido, repartindo os equipos de A Coruña, Lugo en dous grupos, o resto a sorteo puro para compensar os desprazamentos fora da provincia; deste xeito os clubs de A Coruña e Lugo tan só terían entre 5 e 7 desprazamentos noutras provincias que sería o que terían cunha liga cunha primeira fase provincial e unha

segunda fase autonómica, simplemente que o atractivo e a consistencia da competición aumentaría deste xeito.

Esta proposta sae co obxectivo de mellorar a competición a nivel deportivo e repartir os desprazamentos dun xeito equitativo.

3. Dende o BM. Ribadosar (apoiado pola FGBM) realizouse unha proposta en liña co que se ve facendo nas demais categorías, primando o aforro económico, a maior facilidade para organizar as viaxes e a mellora da competición a nivel deportivo. Propúxose unir nun grupo a todos os clubs que presentan equipo na categoría xuvenil e cadete e así aforrar custes que por exemplo no seu caso rondan coma mínimo os 3.000€. O grupos nas dúas categorías quedarían do seguinte xeito (en verde os clubs con dúas categorías, en vermello os clubs com posibilidade de non saír a competir, en negro os demais):

| DISTRIBUCIÓN CATEGORÍA XUVENIL | |
|---|---|
| <u>GRUPO I</u> | <u>GRUPO II</u> |
| <ul style="list-style-type: none"> 1. ATLÉTICO BUEU 2. BM. PORRIÑO 3. OCTAVIO 4. E.D. POIO 5. ARTEIXO BALONMÁN 6. RIBADOSAR 7. BM. LUCUS 8. BM. VIVEIRO 9. D.C. RIBEIRO 10. POR SORTEO PURO | <ul style="list-style-type: none"> 1. BM. TUI 2. A.D. CARBALLAL 3. BM. CANGAS 4. BM. CHAPELA 5. BM. MOAÑA 6. CLUB CISNE 7. BM. RASOEIRO 8. BM. CAÑIZA 9. BM. CAMARIÑAS. 10. OAR CIUDAD 1952 11. BM. PONTEDEUME |

*Habería ubicar a outro equipo no grupo I, ben por sorteo, de xeito voluntario ou por criterios de proximidade xeográfica, xa que as datas dispoñibles das que dispón o calendario non da para un grupo de 12 equipos.

| DISTRIBUCIÓN CATEGORÍA CADETE | |
|-------------------------------|---------------------|
| <u>GRUPO I</u> | <u>GRUPO II</u> |
| 1. ATLÉTICO BUEU | 1. EM. ABEGONDO |
| 2. BM. PORRIÑO | 2. BM. CULLEREDO |
| 3. OCTAVIO | 3. FERROLTERRA |
| 4. E.D. POIO | 4. PABELLÓN OURENSE |
| 5. ARTEIXO BALONMÁN | 5. BM. AROUSA |
| 6. RIBADOSAR | 6. SEIS DO NADAL |
| 7. BM. LUCUS | 7. SAR |
| 8. BM. VIVEIRO | 8. ATLÉTICO NOVÁS |
| 9. D.C. RIBEIRO | 9. S.D. TEUCRO |
| | 10. U.B. LAVADORES |

*Em categoria cadete sería ideal completar o grupo I cun equipo do grupo II pola posible baixa do Octavio.

Esta proposta sae co obxectivo de mellorar a competición a nivel deportivo e aforrar custes.

Aínda que a competición cadete apenas se tocou, tratouse a proposta das E.M. Abegondo, que se volverá a sacar na seguinte reunión, tratase dunha competición en dúas fases, a primeira dela por proximidade xeográfica e a segunda mesturando os grupos por orde de clasificación.

Dende a Federación Galega de Balonmán convidamos a todos os clubs indicados a asistir á reunión para a confección dos calendarios de 2ª Xuvenil e 2ª Cadete masculinas para o vindeiro mércores 25 de setembro ás 18:00 horas na sede da Federación Galega de Balonmán, sita na r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, así coma a facer chegar novas propostas ao mail de competicions@fgbalonman.com antes do vindeiro martes 24 de setembro ás 20:00 horas.

Gustaríanos que estas dúas competicións autonómicas ao igual que as demais que xa se confeccionaron teñan certo atractivo competitivo, por iso pedimos que o voto que se realice sexa despois de realizar un estudo de todas as variables que consideredes importantes para o balonmán galego e para os vosos clubs, no equilibrio pensamos que está o éxito; queremos recordar que estas competicións son de carácter autonómico, que os criterios que se seguiron noutras competicións foi de unificar desprazamentos na medida do posible e de non descaxustar o número de equipos que compoñen os grupos, porque implican improvisacións, falta de motivación para moitos participantes, grandes diferenzas nas datas de remate das primeiras fases e unha gran descompensación deportiva entre equipos.

En Vigo 19 de setembro de 2019.

